



## Segunda oportunidade para a mocidade inmigrante

---

Santiago González Avión<sup>1</sup>

Unha mañá do mes de outubro de 2016 dous mozos entraron na parroquia de San Xosé Obreiro, en Vigo, para roubar os petos e o diñeiro que tivese o párroco, Antonio Rodríguez Suárez, a quen eu coñecía desde 1984. Cando Antonio, que os coñecía do barrio, se decatou das súas intencións, tratou de opoñer resistencia. Eles déronlle un forte golpe na cabeza, provocándolle un derrame cerebral do que nunca chegou a recuperarse. A vida de ambos mozos tampouco puido recuperarse porque Antonio, antes de entrar en coma, foi quen de recoñecer e identificar os agresores, que cumpren penas de prisión desde aquela. Un dos agresores, ALBR, fóra alumno meu nun curso de competencias clave para persoas carentes de calquera titulación académica recoñecida polo noso sistema educativo. Era un adolescente inmigrante sen ningún horizonte vital ou profesional. Viñera a Vigo porque a súa nai decidira emigrar desde o seu Brasil natal. Ao meu ver, non era mala persoa. Sen estudos, sen emprego, extraviou o seu camiño na vida.

Este acontecemento levounos a ofrecer unha segunda oportunidade educativa para mozas e mozos en situación de abandono educativo prematuro. Até ese momento, Diversidades era unha asociación que traballaba pola inclusión social desde o respecto da diversidade cultural. Para mellorar a eficacia dos cursos de formación, decidira-

---

<sup>1</sup> Santiago González Avión é sociólogo. Foi responsable de voluntariado en Cáritas, director da Fundación Secretariado Gitano en Galicia e presidente da Rede Europea contra a Pobreza en Galicia (EAPN). Agora dirixe a asociación Diversidades. É membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*.

mos diferenciar dous grupos de idade, un para a mocidade e outro para persoas adultas. Aquel acontecemento levounos a reflexionar sobre as necesidades específicas da xente nova e a converter a nosa asociación nunha ferramenta de segunda oportunidade.

Na argumentación que presento a continuación, tratarei de relatar algúns sucesos que, desde a miña experiencia, non son simples anécdotas, senón que ilustran feitos sociais e convidan a realizar unha reflexión fonda sobre a vivencia individual, polo que aparecen considerados como acontecementos.

## **1.- Os factores de vulnerabilidade e exclusión social na mocidade migrante**

Cada persoa é un mundo! Os menores migrantes son, ante todo, persoas. E, como tales, podemos usar categorías sociais para comprender a súa situación; será o que fagamos a continuación. Ese esforzo será útil na medida en que comprendamos que as clasificacións son útiles para comprender os feitos sociais, pero non substitúen a escoita de cada persoa, dos seus soños e das súas angueiras.

Probablemente, o trazo que mellor caracteriza a vulnerabilidade social compartida por todos os menores migrantes é *a perda* de vínculos familiares e sociais. Convén que reflexionemos sobre o contexto da perda e a relevancia das dinámicas asociadas, porque da correcta comprensión desta dinámica social depende a posibilidade de abordaxe teórica e práctica das situacións vividas por estas persoas.

Será necesario, tamén, abordar os problemas da educación como instrumento de mobilidade social, porque afectan de forma directa a percepción subxectiva das posibilidades de labrar un futuro na nosa sociedade. O bloqueo social e a perda de vínculos dificultan adquisición das normas de conduta consideradas normais na nosa sociedade. En cambio, facilitan as formas de socialización consideradas como desviadas. Eses tres problemas básicos vense reforzados pola exclusión da cidadanía, que difi-

culta o acceso aos dereitos e reforza a necesidade de vivir á marxe da lei. No extremo desta cadea de exclusión estarían os menores que chegan a nós sen vir acompañados da súa familia: a perda de vínculos está reforzada pola dificultade para regularizar a situación administrativa e de acceder aos dereitos e responsabilidades propios da condición de cidadanía.

### *1.1. A perda*

Na primavera de 2018 chegou a nós unha rapaza de orixe colombiana, en idade de escolarización obrigatoria. Separada da súa nai desde os primeiros meses de vida, criada pola súa avoa, chegara a Vigo no outono de 2017. Carecía de vínculo afectivo coa muller que a trouxera ao mundo, só a coñecía de conversas telefónicas; viñera para ter unha vida mellor, pero quedara sen as persoas que constituían a súa familia desde que ela tiña conciencia, sen as súas amizades, sen a súa cidade e sen a súa cultura. O impacto emocional foi tan forte que requiriu unha hospitalización psiquiátrica e non puido reincorporarse ao sistema educativo. Coa autorización da Consellería de Educación, démoslle entrada no noso proxecto, no que permaneceu ata a primavera de 2020.

A migración é máis unha condición do que unha identidade. As identidades teñen que ver co país ou a cultura de orixe, coa relixión, coa lingua, coa vivencia da sexualidade, ou con outras pertenzas emocionais (entre as que se atopan tamén os equipos deportivos ou as modas culturais). Unha persoa migrante terá, sen dúbida, unha identidade persoal máis ou menos definida, integrada por múltiples identidades entre as que se superpoñen estes factores de pertenza que enumeramos. A identidade constrúese a partir das vivencias emocionalmente relevantes, tal como as familiares, as da socialización infantil, as da configuración dos grupos de iguais na adolescencia e a primeira xuventude e as relacionadas coa matriz cultural dominante e cos símbolos culturais que a constitúen.

A experiencia migratoria debilita os lazos emocionais que constitúen a base da identidade. Trátase dunha experiencia estresante que podemos describir como dó migratorio:

Denomínase dó migratorio o período durante o que a persoa inmigrada soporta o proceso de superación da tristura e o estrés ocasionados polo sentimento de desarraigo e de perda da casa, a familia, os amigos, o status social, etc. A todos estes sentimentos súmase o feito de ter que adaptarse a unha nova cultura, un novo clima, unha nova paisaxe: e, a miúdo, aprender unha nova lingua.

Nos nenos, esta situación emocional aínda se complica máis, porque moi a miúdo non comprenden os motivos do cambio nin ven xustificadas todas estas perdas. En definitiva, padecen o desarraigo dun xeito non querido, imposto pola decisión dos seus pais. Na adolescencia, a maiores, agrávanse moitos trastornos que xa son propios desta idade<sup>2</sup>.

Joseba Atxotegui diferencia sete formas básicas de dó: pola familia e amigos, pola lingua, pola cultura, pola terra, polo status, polo contacto co grupo étnico e polos riscos físicos<sup>3</sup>. E sitúa as causas do fracaso do abandono escolar prematuro por parte dos adolescentes de familias migrantes no primeiro ámbito de perda, o das relacións de familia e amizade.

## 1.2. *Un ascensor avariado*<sup>4</sup>

E.T.M.A. é unha moza venezolana que chegou a Vigo en setembro de 2018, acompañada da súa familia, e pediu protección internacional. En Venezuela estudaba Dirección e Administración de Empresas, á vez que perfeccionaba o seu coñecemento do inglés. Sen documentación apostilada, entre nós carecía de ningunha cualificación. O seu pai era de orixe humilde pero logrou un posto ben retribuído a forza de traballo e de responsabilidade. Contaba

---

2 [https://ca.wikipedia.org/wiki/Dol\\_migratori](https://ca.wikipedia.org/wiki/Dol_migratori) (orixinal en catalán) (consultado 24/05/2021)

3 JOSEBA ATXOTEGUI, «Los duelos de la migración: una aproximación psicopatológica y psicosocial», en *Medicina y cultura: Estudios entre la antropología y la medicina* / coord. por Enrique Perdiguer Gil, Josep M. Comelles, 2000, páxs. 83-100.

4 PELAYO DE LAS HERAS, «¿Por qué no funciona el ascensor social en España?», en *Ethic*: <https://ethic.es/2020/10/por-que-no-funciona-el-ascensor-social-en-espana/> (consultado 24/05/2021)

que as súas fillas estudasen na Universidade, pero o proceso migratorio acabou con ese soño.

Un dos maiores problemas das sociedades occidentais, especialmente da nosa, é a dificultade para seguir utilizando a educación como unha estratexia de mobilidade social ascendente. De feito, o nivel socioeconómico da familia de orixe adoita ser o mellor predictor dos resultados académicos dunha persoa. A diferenza educativa entre o cuartil superior e o inferior da escala socioeconómica en España á idade de quince anos resulta ser equivalente a dous anos de escolarización<sup>5</sup>.

Esta desigualdade educativa na altura en que se toman as primeiras e máis relevantes decisións a respecto dos itinerarios educativos a seguir no futuro, é a que provoca que os adolescentes migrantes sexan clasificados como menos competentes e sexan propostos para Formación Profesional Básica, como un primeiro chanzo para a súa clasificación como «clases de servizo», é dicir, como o chanzo máis baixo da estrutura social e produtiva do país.

En moitas ocasións, este resultado crea un conflito familiar, dado que na estratexia migratoria enténdese que a primeira xeración acepta traballos máis duros, peores condicións laborais e mesmo formas evidentes de discriminación para facilitar o acceso a mellores oportunidades para as súas fillas e fillos. Pero, cando esta expectativa fracasa, as máis das veces prodúcese unha tensión difícil de manexar no seo da familia e un nivel de frustración elevado que induce ao conflito entre os adolescentes e a sociedade.

### 1.3. *Desviación social e Anomia*

En outubro de 2018 a Garda Civil desarticulou en Vigo unha banda «latina», Los Betas, liderada por un dominicano e integrada por adolescentes, mozos e mozas de orixe nacional e estranxeiro,

---

5 Álvaro Borja Choi de Mendizábal, «Desigualdades socioeconómicas y rendimiento académico en España», en *El Observatorio Social La Caixa*, <https://observatoriosocialla Caixa.org/-/desigualdades-socioeconomicas-y-rendimiento-academico>

especialmente latinoamericanos<sup>6</sup>. Aínda que as accións de carácter penal se centraron en quince persoas, había varias ducias de persoas relacionadas coa banda, desde alumnos do noso proxecto Bros ata amizades próximas do meu fillo Mateo. Antes que nada, compartían unha estética e unha «cultura urbana», pero constituían unha forma de socialización que acababa creando problemas. De feito, axiña soubemos que tiveramos unha pelexa nas portas da nosa oficina pola relación dun membro dese grupo con varios alumnos nosos.

De forma xeral, podemos dicir que anomia é «un estado sen normas que fai inestables as relacións do grupo, impedindo así a súa cordial integración»<sup>7</sup>. Como feito social, a falta de normas é un problema da sociedade que afecta de forma específica a certas persoas e, no enfoque de R. K. Merton, de forma máis intensa aos grupos sociais en desvantaxe, porque comparten os obxectos da maioría da sociedade, pero non poden acadalos mediante o cumprimento dunhas normas que os relega ao último lugar<sup>8</sup>. Por iso, anomia é unha realidade sociolóxica que afecta as persoas migrantes, tanto desde o punto de vista individual como desde o punto de vista social; unha abordaxe adecuada pasa por comprender as vivencias sen culpabilizar a persoa.

#### 1.4. *A negación da cidadanía*

En setembro de 2017, os servizos sociais enviáronnos un rapaz brasileiro que tiña problemas de convivencia na súa familia e medidas xudiciais alternativas á reclusión de menores. Inicialmente pensamos que se trataba dun caso de perda de vínculos familiares para retomar a relación cunha nai ausente nun contexto cultural completamente descoñecido. Sen embargo, no día a día tratábase dunha persoa afable, activa e colaboradora. Cando tive-

---

6 Cf. [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2018/10/10/desarticulada-vigo-banda-juvenil-betas-investigada-decenas-robos-fuerza/0003\\_201810201810101539154538382.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2018/10/10/desarticulada-vigo-banda-juvenil-betas-investigada-decenas-robos-fuerza/0003_201810201810101539154538382.htm)

7 Émile Durkheim: *La division du travail dans la société* (1893).

8 En Wikipedia: Anomia. [https://es.wikipedia.org/wiki/Anomia\\_\(ciencias\\_sociales\)](https://es.wikipedia.org/wiki/Anomia_(ciencias_sociales)) (consultado 24/05/2021)

mos que escoller algún representante do grupo para un encontro a nivel europeo, recaeu nel esa responsabilidade, que desempeñou con responsabilidade. Por desgraza, a súa nai non compareceu no momento en que tiña que regularizar a súa situación administrativa; en situación irregular, non puido acceder a educación regulada nin a formación para o emprego, non podía acceder a un contrato de traballo e volveu a frecuentar as compañías que o levaran a cometer pequenos delitos.

Unha das barreiras invisibles máis poderosas que afectan ás persoas estranxeiras (e non ao conxunto das migrantes) sobre todo cando proceden de países con menores niveis de renda que o noso, é a exclusión dos dereitos de cidadanía plena. Certo que o noso sistema político tende a recoñecer algúns dereitos humanos básicos, pero, especialmente a través da Lei Orgánica sobre os dereitos el liberdades das persoas estranxeiras en España (Lei 4/2000 de 11 de xaneiro) e do regulamento que a desenvolve, o noso sistema xurídico tende a limitar o exercicio da cidadanía plena ás persoas procedentes do estranxeiro.

Vexamos como afecta esta realidade xurídica ao tránsito entre a idade de escolarización obrigatoria e o ensino postobrigatorio. Ata os 16 anos, unha persoa en situación administrativa irregular ten dereito e mesmo obriga de estar escolarizada como calquera outra. Pero, a partir desa idade, o sistema non lle garante a asignación dunha praza e non lle permite obter ningunha titulación nin cualificación en tanto non regularice a súa situación. Daquela, cumprir dezaoto anos significa a perda de dereitos como a educación e a sanidade, pero non permite a asunción dos roles sociais característicos da idade adulta.

### *1.5. O caso dos menores non acompañados*

En xaneiro de 2019, nunha intervención nun centro educativo da contorna de Pontevedra, coñecín a M., un adolescente marroquí que chegara a Francia coa súa familia, que decidiu volver a Marrocos; el, en cambio, veu a Bilbao, onde un coñecido quedou coa súa documentación, e, a seguir, ingresou nun centro de meno-

res, desde onde foi derivado á Cidade Infantil Príncipe Filipe. Ante a dificultade de atopar un futuro de forma independente, a súa titora acolleuno na súa casa. Foi o terceiro caso desa natureza que afrontamos durante o curso 2018-19; o resultado de todos eles foi o mesmo: ante a ausencia de futuro, unha persoas cunha responsabilidade educativa de carácter técnico acabou por acoller no seu domicilio un menor non acompañado no momento en que este chegaba á maioría de idade. Como no poema «Refuxio nocturno» de B. Brech, non é esta a forma de cambiar o mundo, pero abre unha vía tortuosa para resolver individualmente a súa problemática específica.

A acumulación dos factores de exclusión descritos anteriormente, a perda de vínculos familiares, a falta de alternativas educativas, a anomia e a negación da cidadanía provocan que os menores que emigran sen compañía (coñecidos como MENAS) acumulen desvantaxes e conflitos que os converte no obxecto preferido das críticas de carácter racista e xenófobo. O punto central destas críticas enfócase nos Centros de Menores exclusivos para este perfil de migrantes. Calquera que teña convivido en centros onde só hai presenza masculina, sabe que unha parte da conflictividade é simple contestación á autoridade e afirmación da masculinidade. Pero esa circunstancia reforza os múltiples conflitos sociais que atravesan a vida de cada un destes menores e conducen a episodios puntuais (mais reiterados) de condutas desviadas e mesmo de delincuencia, que é magnificada pola visibilidade da súa situación e pola ideoloxía do odio.

## 2.- Segunda oportunidade

Para facer fronte a estas situacións, calquera programa de segunda oportunidade e, máis especificamente, a segunda oportunidade educativa, debe intervir na creación de lazos sociais positivos, de experiencias de éxito social, formativo e educativo, na configuración dun proxecto de vida a través dun conxunto de valores que integren as diferentes identidades e pertenzas, así como na



superación dos factores de exclusión legal que afecten ás persoas. Debe poñerse especial atención a crear ámbitos de intervención e de relación de carácter inclusivo e intercultural, onde a especialización (nos ámbitos de inmigración, refuxio ou retorno) inclúa tamén a participación ou a creación de lazos significativos con poboación nacional.

### ***2.1. Un marco integrado para a segunda oportunidade***

En moitas ocasións, as linguaxes da vulnerabilidade, a da exclusión e das oportunidades preséntanse como enfoques antitéticos, tanto na análise como nas propostas de intervención para superar a desvantaxe e crear cohesión social. A óptica que estamos a utilizar quere integrar o discurso dos dereitos e o das oportunidades, facendo do proxecto vital de cada persoa e do seu soporte comunitario os elementos que integran os dereitos e as oportunidades.

Cando creamos o proxecto Bros, pensamos inicialmente en ofrecer un itinerario formativo específico para a mocidade para o acceso aos certificados de profesionalidade. O nome inicial, «*Pregatirea maine*», apuntaba precisamente a esa dimensión puramente preparatoria. O cambio de nome do programa, derivado do tratamento igualitario –fraternal e informal a un tempo– que se daban as persoas participantes, responde aos profundos cambios de enfoque aos que nos obrigaron os acontecementos. Tratábase de incorporar unha perspectiva de prevención, intervención e inserción sociolaboral na que estivesen presentes a acollida, o diagnóstico individualizado, o apoio xurídico, especialmente nas situacións de estranxeiría e de protección internacional, a formación, a busca activa de emprego, a prospección do mercado laboral e o acompañamento na adaptación ao posto de traballo.

### ***2.2. Segunda oportunidade educativa***

De forma específica, adhire aos principios fundamentais das Escolas de Segunda Oportunidade<sup>9</sup>. BROS ofrece formación en

9 Principios\_E2O\_111115 (e2oespana.org) consultado 31/05/2021

Competencias Clave e competencias transversais facilitando o retorno ao sistema educativo, a obtención de certificados de profesionalidade, o acceso ao mercado laboral e o acompañamento no emprego con responsabilidade e autonomía, coidando as súas relacións sociais, nos grupos de iguais, as relacións de parella e coas súas familias. Co noso apoio, as mozas e mozos conseguen articular o seu proxecto de vida integrando competencias transversais, formación, emprego, relacións interpersoais e sentido vital; evítanse situacións de risco e condutas socialmente disruptivas; créanse relacións interculturais, promóvese a socialización proactiva, lógranse credenciais formativas e académicas, conséguense unha inserción laboral efectiva.

### *2.3. Logros e elementos de mellora*

Desde o seu inicio, hai agora cinco anos, pasaron polo proxecto BROS máis de duascentas trinta persoas. Só o pasado 2020, realizáronse itinerarios con setenta adolescentes e xoves, o 55 % mulleres, corenta e catro melloraron as súas habilidades, cinco conseguiron unha cualificación académica e catorce lograron unha inserción laboral efectiva.

Para acabar de desenvolver unha Escola de Segunda Oportunidade (E2O), o proxecto BROS debe ofrecer un itinerario formativo de dous anos de duración. Convén que, ademais da preparación das probas libres para o acceso ás cualificación, se realicen probas específicas e acreditadas no marco do propio proxecto e que se xeneralicen as prácticas en empresas.

## **3.- Crear esperanza**

A inmigración é un dereito humano básico (nunha lectura actualizada do artigo 13 da DUDH) e tamén unha necesidade para a supervivencia da nosa sociedade. A forma en que tratamos a adolescencia e a mocidade migrante é unha medida moi relevante da nosa propia humanidade e tamén da nosa intelixencia colectiva. Sen embargo, no momento actual, os discursos de exclusión e de

criminalización adoitan ser mellor recibidos que os que optan por procurar camiños transitables, inclusivos e humanos que nos leven a gañar o futuro, man con man. A nosa responsabilidade é achegar métodos e proxectos que eviten a exclusión social e os comportamentos destrutivos, e que creen as condicións para que cada persoa poida construír a súa propia vida e contribuír a un proxecto comunitario e colectivo, na nosa terra.

**Santiago González Avión**  
Asociación Diversidades